BOPPO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

Venres, 3 de xuño de 2022
Núm. 106

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEVEDRA

Persoal, oposicións

NOMEAMENTO XEFA DO SERVIZO DE SECRETARÍA E ASUNTOS XERAIS POLO SISTEMA DE LIBRE DESIGNACIÓN

ANUNCIO

ASUNTO: RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN, POLO SISTEMA DE LIBRE DESIGNACIÓN, DO POSTO DE XEFE/A DE SERVIZO DO SERVIZO DE SECRETARÍA E ASUNTOS XERAIS DO CONCELLO DE PONTEVEDRA.

A concelleira delegada do Servizo de Persoal e Cultura con data 25/05/2022 ditou resolución de nomeamento pola que se resolveu a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación do posto de xefe/a de servizo de Secretaría e Asuntos Xerais co CDG 1301 na RPT do Concello de Pontevedra, publicándose o anuncio desta convocatoria no BOP núm. 24, do 04/02/2022. En cumprimento das bases reguladoras, o anuncio desta convocatoria pública publicouse no DOG núm. 29 do 11/02/2022 e no BOE núm. 51 do 01/03/2022.

En cumprimento do disposto no seu apartado terceiro procédese a publicar a parte dispositiva da devandita resolución:

"RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DELEGADA DO SERVIZO DE PERSOAL E CULTURA

ASUNTO: RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN, POLO SISTEMA DE LIBRE DESIGNACIÓN, DO POSTO DE XEFE/A DE SERVIZO DO SERVIZO DE SECRETARÍA E ASUNTOS XERAIS DO CONCELLO DE PONTEVEDRA.

(...)

De acordo coas bases reguladoras da convocatoria e con base a motivación exposta ao longo da parte expositiva desta proposta e no informe do Secretario da Administración municipal de data 26/04/2022 que obra no expediente, esta concellería delegada do Servizo de Persoal e Cultura, no exercicio das súas atribucións delegadas pola alcaldía en virtude de decreto do 15/06/2019,

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Resolver a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de xefe/a de servizo de Secretaría e Asuntos Xerais, SSAX, (publicada no BOP núm. 24 do 04/02/2022), considerando que a candidata dona Mª José Valenzuela Rodríguez, que

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal Código seguro de verificación:NM2LHGNXFOSIJI6S

reúne os requisitos establecidos na convocatoria, resulta a persoa candidata mais idónea para o desempeño do posto de xefa de servizo do SSAX de acordo cos méritos alegados e acreditados documentalmente, tal e como se pon de manifesto no informe do Secretario da Administración municipal, que obra no expediente e que se reproduce parcialmente na parte expositiva desta resolución.

En consecuencia, nomear a dona Mª José Valenzuela Rodríguez, con DNI 77******V, xefa de servizo do SSAX quen percibirá as retribucións básicas propias dunha praza de técnico/a de administración xeral (grupo A, subgrupo A1) e as complementarias establecidas na RPT do Concello de Pontevedra para o posto de xefe/a de servizo do SSAX co código 1301.

SEGUNDO.- A Sra Mª José Valenzuela Rodríguez deberá tomar posesión do antedito posto no prazo de tres días, se non implica cambio de residencia, ou de sete días se comporta cambio de residencia.

Cando a adxudicataria do posto obteña coa súa toma de posesión o reingreso o servizo activo, o prazo será de vinte días.

Estes prazos comezarán a partir do día seguinte ao do cese no posto de orixe, o cal deberá producirse dentro dos tres días seguintes ao da publicación na resolución do nomeamento no BOP.

O cómputo dos prazos posesorios iniciaranse cando rematen os permisos ou licenzas que, de ser o caso, se concedesen á persoa nomeada e no caso de baixa por incapacidade temporal, a partir da data da alta.

TERCEIRO.- Publicar un anuncio da presente resolución, xunto co réxime de recursos no BOP de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra e na Sede electrónica do Concello de Pontevedra para xeral coñecemento e efectos.

(...)”

RECURSOS PROCEDENTES

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse o RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da súa notificación, ó abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas , ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da súa notificación, consonte ó disposto nos artigos 8-1 e 46-1 da Lei 29/1998, de 13 de xuño da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

No caso de interpoñerse o recurso potestativo de reposición, deberase resolver e notificar no prazo dun mes segundo establece o artigo 124-2 da devandita Lei 39/2015, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa notificada, podendo entón os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo,

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:NM2LHGNXFOSIJI6S

consonte ao establecido no artigo 46-1) e 4) da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Non obstante, tamén poderase interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes conforme a Dereito.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

A concelleira delegada do Servizo de Persoal,

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:NM2LHGNXFOSIJI6S